

XIII CIRCUITO FERROLÁN DE CARREIRAS **POPULARES E CAMPO A TRAVÉS. FASES LOCAIS DO PROGRAMA XOGADE**

Art. 1.- Durante a tempada 2012 - 2013, o Patronato Municipal de Deportes, A Secretaria Xeral para o Deporte e a Delegación de Atletismo en Ferrol organizan este XIII Circuito Ferrolán de Carreiras populares e Campo a Través.

Sendo coincidentes as xornadas deste circuito con fases locais do programa Xogade, estableceranse dúas clasificacións: A do Circuito Ferrolán de Campo a través rexida por este Regramento e a relativa a competición do Programa Xogade, rexida polo regramento do citado programa.

Art. 2.- Poderán participar todos os clubs e colexios cun número ilimitado de atletas que teñan a licencia deportiva escolar.

<i>Xornada</i>	<i>Clasificación</i>	<i>Data</i>	<i>Lugar¹</i>
1ª Xornada	Individual	01 de decembro	Esmelle-A.VV.
2ª Xornada	"	13 de xaneiro	Esteiro-Ferrol
3ª Xornada	"	19 de xaneiro	As Cabazas - Esmelle
4ª Xornada	"	26 de xaneiro	Pinar – San Xurxo

Art. 3.- Dentro do XIII Circuito Ferrolán de campo a Través, a clasificación individual establecerase sumando as puntuacións alcanzadas en tres das catro xornadas programadas. Se o atleta participa en todas as xornadas, ao final da clasificación descontarase a puntuación alcanzada na peor Xornada. En cada proba puntuarán os 20 primeiros clasificados/as de cada categoría, conforme ao seguinte cadro. Proclamarase vencedor o/a atleta que acade maior número de puntos despois de disputarse as catro Xornadas.

1º:	20 puntos	6º:	15 puntos	11º:	10 puntos	16º:	5 puntos
2º:	19 puntos	7º:	14 puntos	12º:	9 puntos	17º:	4 puntos
3º:	18 puntos	8º:	13 puntos	13º:	8 puntos	18º:	3 puntos
4º:	17 puntos	9º:	12 puntos	14º:	7 puntos	19º:	2 puntos
5º:	16 puntos	10º:	11 puntos	15º:	6 puntos	20º:	1 punto

¹ Lugares das probas estarán suxeitos a modificación en función das condicións nas que se encontren os mesmos

No caso do Programa Xogade, a clasificación rexirase polo regramento do citado programa.

Art. 4.- No Circuito Ferrolán de Campo a Través, en cada unha das probas haberá outra clasificación por colexios, que se obterá sumando todos os nenos/as que entraran en meta en cada unha das categorías. En cada unha das catro probas haberá que entregar un listado por categoría e sexo onde consten todos os participantes de cada centro, que deberá estar asinado polo Director/a de cada centro.

No caso do Programa Xogade, a clasificación rexirase polo regramento do citado programa

Art. 5.- En cada unha das catro Xornadas do Circuito Ferrolán de Campo a Través, se entregarán trofeos ou medallas aos tres primeiros/as clasificados/as en cada categoría.

No caso do Programa Xogade, rexirase polo regramento do citado programa

Art. 6.- Para participar en cada xornada, deberase inscribir os participantes a traves da seguinte dirección no formulario da páxina Web da delegación www.fgatletismo.es/ferrol, ou na dirección **fgaferrol@gmail.com** o máis tarde, o mércores anterior á xornada.

As probas do XIII Circuito Ferrolán de Campo a Través forman parte do Programa Xogade, polo que será *requisito indispensable* de cara a participación do mesmo, inscribir os nenos no citado programa. Non se permitira a participación de ningún neno/a nas probas que non este inscrito no citado programa no sua actividade de Campo a Través.

www.deporteescolargalego.com

Asimesmo recordamos que no caso dos colexios, tal e como describe o art. 4 do presente regramento ademais de efectuar a inscrición de cada un dos participantes, deberase remitir un listado por categoría e sexo de todos os participantes de cada centro, que deberá estar asinado polo Director/a de cada centro; as oficinas do Patronato Municipal de deportes o máis tarde, o mércores anterior á xornada.

Patronato Municipal de deportes
Praza de armas s/n
TI: 981. 94.42.00
Fax: 981. 94.42.08
deportes@ferrol.es

Art. 7.- Os horarios, categorías e distancias serán os seguintes:

Horario	Categorías	Ano de nacemento	Distancias en metros			
			1ª xornada	2ª xornada ²	3ª xornada	4ª xornada
11'00	Cadete masculino	98-99	3.000	2.700	3.700	4.000
11'25	Cadete feminino	98-99	1.700		2.500	2.800
11'45	Infantil mascul.	2000 - 2001	1.500		1.700	1.800
12'05	Infantil feminino	2000 - 2001	1.000		1.200	1.300
12'25	Alevín masculino	2002 - 2003	1.000	900	1.200	1.300
12'40	Alevín feminino	2002 - 2003	500		700	800
12'55	Benxamín	2004 - 2005	450		550	600

Art.8.- Os premios do Circuito Ferrolán de Campo a Través a repartir ao final das catro Xornadas serán por categorías e sexos. Para a clasificación por Centros, entregaranse vales para material deportivo de acordo coa seguinte clasificación:

PREMIOS POR CENTROS (Material deportivo)	
Clasificación	EUROS
1º	600
2º	450
3º	150

No caso do Programa Xogade, rexirase polo regramento do citado programa

Ferrol, 19 de Novembro de 2012

²

Os horarios da xornada rexiranse polo Regramento da XXX Carreira Popular "San Xiao"